

O NENO QUE NON QUERÍA SER AZUL,  
A NENA QUE NON QUERÍA SER ROSA



Primer  
capítulo



**Todo estaba azulmente preparado para a  
chegada de Celestino.**



**Dende pequeno, a súa familia ensinoulle como se ensinaba aos nenos.**



**Mestres medraba, Celestino escoitaba...**

- **Xa é todo un home!**
- **Que rapaz tan guapo!**
- **Os neos non choran!**
- **Xa tes moza?**

**E a súa nai repetía...**

- **Algún día atoparás a túa princesa rosa!**




**Durmido ou esperto, Celestino imaxinaba  
princesas de todo tipo.**

**Mais todas elas lle parecían aburridas...  
FACENDOSA, BOA COCIÑEIRA, FEMININA,  
DELICADA...**



**Co tempo, Celestino coñeceu a outros nenos. E todos eran tan azuis coma el!**

**E as nenas eran tan rosa como a súa nai lle dixera.**



**Canso e aburrido, Celestino comezou a preguntarse como sería ser doutras cores...**

**E comezou a probar... VERMELLO, MORADO, VERDE...**



**A súa nai estaba moi preocupada...**

**- Así nunca atoparás a túa princesa Rosa!**





Mais un día...

- Como te chamas?
- Rosa.



**Ela era todo o que soñara... FEMININA,  
DELICADA, BOA COCIÑEIRA, FACENDOSA...**




**Co tempo, fixéonse grandes amigos.**



**E xuntos descubriron novas cores... MOITAS  
E INCREÍBLES CORES!**



**E ata os días grises...**



**Eran perfectos.**